



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **2984 (11/PNC-000333)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación que está a atravesar a empresa Maderas Iglesias, no concello do Porriño, que figura na orde do día da Comisión 6ª, prevista para o vindeiro 4 de novembro de 2020.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento insta o Goberno galego a :

1. Que o Vicepresidente da Xunta e Conselleiro de Industria reciba con urxencia ao Comité de empresa de Maderas Iglesias
2. Utilizar todos os instrumentos legais para paralizar a poxa e intervir para atopar investidores e activar os mecanismos de axuda da administración autonómica para evitar o peche de dita empresa.”

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/11/2020 17:19:53



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **2984 (11/PNC-000333)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación que está a atravesar a empresa Maderas Iglesias, no concello do Porriño.

Emenda de Substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter o contacto co Comité de Empresa de Maderas Iglesias e utilizar todos os instrumentos ao seu alcance para colaborar na busca de investidores e activar, no seu caso, os mecanismos de axuda da administración autonómica para evitar o peche da dita empresa».

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2020.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/11/2020 18:09:52

Sandra Vázquez Domínguez na data 03/11/2020 18:10:10

